

## TIPOGRAFÍA

# CARACTERES ESPECIAIS EN UNICODE E HTML

## 1/4

*Eis unha lista de caracteres de uso habitual que non se poden dixitar mediante as combinacións de teclas habituais e/ou non poden ser introducir directamente en HTML. Ofrécense acompañados dos seus códigos Unicode e entidades de carácter para HTML.*

*Todos os sistemas operacionais contan con cadanseu conxunto de atallos nativo. Optouse polo padrón Unicode para chegar a unha solución única e independente do sistema.*

## UNICODE

**U+FFFF**  
PREFIXO    HEX

Unicode é un padrón informático internacional de codificación de caracteres.

Unha expresión Unicode componse normalmente mediante o prefixo “U+” seguido dun número hexadecimal, neste caso, formado por catro caracteres. Nos esquemas seguintes, ímonos referir a estes catro caracteres simplemente mediante a expresión HEX.

## INSTRUCCIÓNS PARA MAC OS

**Option + HEX**  
MANTER    DIXITAR

Vai ser necesario ir a Preferencias del Sistema/Internacional/Menú Teclado e seleccionar Entrada Unicode Hex.

Sempre que se quixer usar este método, haberá que seleccionar este teclado desde a barra de menús.

## INSTRUCCIÓNS PARA WINDOWS

**Alt + + HEX**  
MANTER    DIXITAR

Se non funciona, haberá que alterar ou introducir unha chave no Rexistro de Windows. Se nunca antes fixeches alteracións no Rexistro, recoméndoche que pidas axuda.

1. Ir a Inicio, Ejecutar, dixitar regedit e premer enter.
2. Na cadea HKEY\_Current\_User/Control Panel/Input Method.
3. Clic dereito sobre Input Method, Nuevo, Valor de la cadena.
4. Renomear a nova chave como EnableHexNumpad, facer duplo clic e darlle o valor “1”.
5. Reiniciar o computador.

## INSTRUCCIÓNS PARA LINUX (TRES COMBINACIÓNS POSIBLES)

**Ctrl + Shift u+HEX**  
MANTER    DIXITAR

**Ctrl + Shift HEX**  
MANTER    DIXITAR

**Ctrl + Shift u    SOLTAR TODAS    HEX    Enter**  
MANTER    DIXITAR    SOLTAR TODAS    DIXITAR    PREMER